



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Curso Académico: 2014 /2015

ÍNDICE

1. Introducción	
1.1. Compromiso.....	3
1.2. Ámbito de aplicación.....	3
1.3. Documentación de referencia.....	3
1.4. Composicións e funcións da comisión de calidade.....	4
2. Seguimento do sistema de garantía interna de calidade.....	5
2.1. Vixencia da política de calidade.....	5
2.2. Evolución e grao de cumprimento do plan estratéxico e da programación plurianual do centro.....	6
2.3. Estado do plan de melloras para o curso 2014-15.....	6
2.4. Indicadores de eficacia do SGIC.....	6
3. Plan de melloras do centro.....	12
4. Anexo: Informes de seguimento.....	45

1. Introducción

1.1 Compromiso

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas é consciente da importancia que ten a calidade para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade elabora a súa política marcándose como principal meta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento crave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Esta Facultade ten como obxectivo ser recoñecida por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis axeitada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador e que faciliten as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos, tendo en conta os principios de responsabilidade, participación e igualdade, orientación ao alumno, excelencia no traballo e transparencia.

Para isto o equipo de dirección do Centro, constituído polo/a decano/a, o /a vicedecano/a e o/a secretario/a, traballa en colaboración coas distintas comisións de título e a comisión de calidade.

A presente Memoria de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas, correspondente ao curso académico 2014-2015, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro seguindo as indicacións da guía facilitada pola Área de Calidade e Mellora dos procedementos, e presentada á Xunta de Facultade para a súa aprobación.

1.2 Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2014-2015 atangue ás titulacións impartidas no Centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade durante o curso 2014-2015 foron:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE)
- Grao e Xestión de Pequenas e Medianas Empresas (PEMES)
- Máster Universitario en Xestión de Empresas (MBA)

O Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Máster en Xestión de Empresa son títulos compartidos coa Facultade de Económicas e Empresariais no campus de Santiago, polo que existen comisións de título conxuntas intercampus e comisión de título en cada Facultade. Os informes de seguimento son elaborados polas comisións conxuntas.

1.3 Documentación de referencia

Considérase documentación de referencia, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se cita a continuación:

- Memoria de Grao en Administración e Dirección de Empresas da USC
http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/empresas/descargas/Memorias_titulos/Grado_ADE_galego_modificacion_2012.pdf
- Memoria do Grao en Xestión de Pequenas e Medias Empresas
http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/empresas/descargas/Memorias_titulos/4._memoria_Grado_Gestixn_PEMES_definitiva_xcambios_introducidos_tras_el_informe_provisionalx.pdf
- Memoria do Máster en Xestión de Empresas (MBA)
http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/empresas/descargas/Memorias_titulos/Memoria_Master_Direccion_de_Empresas.pdf
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade
http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/empresas/descargas/Normativa/Regulamento_de_Rexime_Interno_da_Facultade_de_ADE.pdf

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, as Comisións de Título, as Comisións Conxuntas Intercampus, o Responsable de calidade do centro e os distintos coordinadores de curso e Coordinadores dos títulos.

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas, Capítulo 3.
http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/empresas/descargas/calidade/Manual_simplificado_SGIC_Facultade_de_ADE_GALEGO_xV01x23-03-2015x.pdf

1.4 Composición e funcións da Comisión de Calidade

a) Composición da Comisión de Calidade:

Decana (Presidenta)

Responsable de Calidade do Centro

Secretario

Coordinadora do Grao en ADE

Coordinador do Grao en Xestión de PEMES

Coordinadora do Máster en Dirección de Empresas

Responsable da Unidade de Apoio á Xestión

Representante de PDI

Representante de Alumnos

b) Funcións principais da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGIC no Centro.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:

	MEMORIA DE CALIDADE DA FACULTADE DE AMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS 2014-2015	Data de aprobación: 11-03-2016
		Páxina 5 de 45

- Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
- Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
- Informes de seguimento dos Títulos.

c) Reunións da Comisión de Calidade durante o curso 2014-15:

- Data 12 de febreiro as 13.00h de 2015

Orde do día: Punto único. Aprobación do Sistema de Garantía Simplificado

- Data 27 de febreiro as 10.00h de 2015

Punto único: Aprobación da modificación do Manual Simplificado de Garantía da Calidade do Centro.

- Data 29 de maio as 13.00h de 2015

Punto único: Proposta e aprobación, se compre, do Plan de Melloras proposto en resposta ao Informe Provisional da ACSUG de Avaliación para a Renovación da Acreditación.

- Data 8 de outubro 12.30h de 2015

Puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesión anteriores.
- 2.- Informe de seguimento do título do Grao en ADE
- 3.- Axudas ás acción de mellora docente.
- 4.- Rogos e preguntas.

- Data 23 de novembro 3.30h de 2015

Puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación do Informe Anual de Seguimento correspondente ao curso 2014/15, do Grao en ADE, do Grao en PEMES e do Máster en Dirección de Empresas.
- 2.- Rogos e preguntas.

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

2.1 Vixencia da política de calidade

A Facultade elabora a súa política de calidade, enmarcada dentro da política de calidade da USC, a través do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC), aprobado pola Xunta de Facultade o 7/05/2010 e polo Consello de Goberno da USC do 27/05/2010, e valorado positivamente pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) o 10/05/2011. Asemade, a dirección da Facultade adquiriu o compromiso permanente de mellora continua a través da política de calidade asinado pola Decana o 25/02/2014.

O Sistema de Garantía Interno de Calidade Simplificado é aprobado 25 de febreiro de 2014. Con posterioridade son revisados algún aspectos, como o punto 3.4.4 Comisión de Título de Máster e os Indicadores, aprobándose en Consello de Goberno de 23 de marzo de 2015.

Os documentos que configuran o SGIC son o "Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos". Ambos os dous documentos, así como o "Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade", están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade <http://www.usc.es/gl/centros/empresas/CalidadeVo1.html>

A Comisión de Calidade no curso 2015/2016 ten previsto modificar o Regulamento de Réxime Interno para adaptalo aos novos Estatutos da USC, así como revisar e reestruturar as diferentes Comisións existentes e as súas competencias para mellorar o seu funcionamento. Estas modificacións deberanse recoller no Manual Simplificado do Sistema Interno de Garantía de Calidade. Por outra banda, neste Manual non aparece recollida a Comisión de título do Grao en Xestión de PEMES dada a súa recente creación, sendo este outro dos aspectos a engadir no Manual. Esta Comisión está formada pola Decana, Vicedecano, Secretario, Coordinador de título e Coordinadores de curso.

O Máster en Dirección de Empresas sométese a avaliación para a acreditación no curso académico 2014-2015. Con data 3 de xuño de 2015 a ACSUG emite informe favorable de Acreditación, tal e como se recolle na páxina web da Facultade.

2.2 Evolución e Grao de cumprimento do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro

O plan estratéxico e a Programación Plurianual do centro estanse a elaborar na actualidade pola Comisión de Calidade do Centro, tendo prevista a súa finalización no curso académico 2015-2016. Polo de agora, a Comisión de Calidade reuniuse para a elaboración da análise DAFO, así como para reflexionar sobre as principais liñas estratéxicas e obxectivos a acadar.

2.3 Estado do Plan de Melloras para o curso 2014-2015

As accións de mellora comprometidas no informe de seguimento do Grao en Administración e Dirección de Empresas para o curso académico 2014-15, así como as comprometidas para o Máster Universitario en Dirección de Empresas (Renovación da acreditación curso 2014-15), foron todas finalizadas en tempo e forma. O cumprimento destas accións de mellora recóllense no punto 3 desta memoria.

Asemade, as accións de melloras propostas para o curso 2015-16, incluídas nos informes de seguimento do curso 2014-2015 para o Grao en Administración e Dirección de Empresas, o Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas e o Máster Universitario en Dirección de Empresas estanse a desenvolver segundo a planificación prevista.

2.4 Indicadores de eficacia do SGIC

Presentamos a continuación os resultados dos indicadores máis relevantes recollidos no SGIC do centro, correspondentes aos cursos académicos 2013/2014 e 2014-2015. Estes indicadores son facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos centros para a súa análise, dentro dos procesos vinculados ao SGIC de cada centro e aos procesos des seguimento e renovación das acreditacións dos títulos impartidos.

Datos Graos: <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosgraos.html>

Datos Máster: <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html>

INDICADOR	GRAO ADE		GRAO PEMES	MÁSTER	
	2013-14	2014-15	2014-15	2013-14	2014-15
Prazas ofertadas	125	125	45	23	23
Matrícula	385	367	16	33	32
Matrícula de novo ingreso	97	61	16	17	17
Matrícula de inicio de estudos	75	55	16	17	17
Nota media de acceso por preinscripción	7,30	6,81	6,33	-	6,77
Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	77,03	62,96	53,33	-	93,75
Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,52	1,09	0	6,06	12,50
Porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre matriculados	3,64	3,54	6,25	3,03	3,13
Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	53,60	34,40	35,56	-	-
Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas	60,00	44,00	35,56	73,91	73,91
Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	4,33	4,33	4,33	4,33	4,33
Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	2,08	1,36	-	-	-
Porcentaxe de alumnos recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	9,09	7,63	-	-	-
Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	4,09	3,69	-	4,79	4,62
Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	4,03	4,19	-	4,36	4,48
Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	4,40	4,70,	-	-	4,20
Estudantes egresados do título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións	52,27	60,38	-	100	83,33
Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	-	3,15	-	-	-
Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	16,67	14,29	12,50	27,27	23,08
Porcentaxe PDI Doutor sobre PDI total	44,44	42,86	42,86	63,64	69,23
Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total	61,11	60,00	64,29	63,64	53,85
Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas	4,42	4,47	4,47	4,42	4,47
Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas	4,09	4,11	4,09	4,09	4,11

INDICADOR	GRAO ADE		GRAO PEMES	MÁSTER	
	2013-14	2014-15	2014-15	2013-14	2014-15
Ratio de estudantes por profesor tempo completo	12,83	12,66	1,33	3,30	2,67
Media de alumnos por grupo de teoría	62,22	67,39	12,90	11,41	12,23
Media de alumnos por grupo de interactiva	33,22	30,54	12,90	12,68	13,87
Taxa de rendemento	66,75	65,08	72,09	75,12	89,25
Taxa de éxito	75,65	72,68	80,87	97,93	99,42
Taxa de avaliación	88,24	89,55	89,15	76,71	89,77
Taxa de graduación	43,68	35,79	-	61,11	41,18
Duración media dos estudos	4,43	4,88	-	1,33	2,00
Eficiencia dos titulados	90,01	84,54	-	96-77	87,22
Taxa de abandono durante o primeiro curso	24,55	30,67	-	-	-
Taxa de abandono RD 1393	25,58	36,84	-	0,0	35,29
Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,68	3,62	4,26	3,86	4,18
Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,80	3,73	3,70	4,26	4,15
Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	37,44	63,25	38,89	18,18	28,00

A continuación, comentamos os aspectos máis relevantes dos indicadores, atendendo aos criterios dos informes de seguimento dos títulos impartidos na Facultade.

a) Organización e desenvolvemento.

No curso académico 2014-2015 a Facultade de ADE oferta un novo título de Grao, o Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas, que se suma á oferta existente ata ese curso: Grao en Administración e Dirección de Empresas e Máster Universitario en Dirección de Empresas, ambos os dous títulos compartidos coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias do Campus de Santiago de Compostela.

A implantación do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas foi autorizado pola Xunta de Galicia na orde do 10/04/2014 e publicado no DOG do 23/04/2014. A implantación deste Grao é gradual, de tal maneira que no curso 2014-2015 só se imparte docencia no primeiro curso da titulación. Polo tanto, os indicadores que se recollen na táboa anterior para este Grao corresponden a un curso académico.

Pasamos a destacar algúns dos aspectos máis relevantes de este apartado para cada titulación impartida na Facultade.

En total o número de estudantes que cursan os seus estudos na Facultade no curso 2014-15 ascende a 415.

Grado en ADE

O Número de prazas ofertadas anualmente ascende a 125, producíndose un incremento paulatino na matrícula conxunta de todo o grao durante os últimos cursos académicos, a excepción do curso 2014-2015 onde a matrícula total sufriu un retroceso (de 385 alumnos no curso 2013-2014 pasamos a 367 no curso pasado). Isto vén provocado polo descenso na matrícula de inicio de estudos desde o curso 2011-2012, que se acentuou aínda máis no curso

2014-2015 (61 matriculados de novo ingreso).

Detectada esta debilidade, levamos dous cursos académicos poñendo en marcha iniciativas tendentes a paliar esta caída e a incrementar o número de matriculados (vídeo promocional, actualización da páxina web, visitas a centros de ensino secundario, visitas de centros de ensino secundario á facultade, participación no Campus de verán da USC, etc.). Estas actuacións son para promocionar todas as titulacións que se imparten na Facultade.

A nota media de acceso ao grao de ADE no campus de Lugo foi de 6,81, inferior ao 7,3 que tivo no curso 2013-2014. Consecuentemente, tamén cae a porcentaxe de alumnado que accede á titulación con puntuación igual ou superior a seis (62,96% fronte ao 77,03%).

A porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados foi do 1,36%. O número de alumnos recibidos por convenios firmados con outras universidades de diferentes países foi de 28.

A porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións segue a incrementarse: curso 2012-13 (47,37%), curso 2013-14 (52,27%) e curso 2014-15 (60,38%).

Grao en Xestión de Pemes

O número de prazas ofertadas anualmente no Grao en PEMES ascende a 45, sendo o número de matriculados e alumnos de novo ingreso de 16. Este aspecto preocúpanos polo que xa se estableceron accións encamiñadas a mellorar estas cifras de matrícula, expostas anteriormente para o Grao en ADE.

A nota media de acceso ao grao de PEMES é de 6,33, sendo a porcentaxe de alumnado que accede á titulación con puntuación igual ou superior a 6 non moi elevada (53,33%).

Estamos esperanzados en que as medidas xa tomadas por esta Facultade permitan incrementar o número de alumnos que consideren como atractivo este grao e mellore así o perfil dos mesmos.

Máster Universitario en Dirección de Empresas

O número de prazas ofertadas anualmente no Máster en Dirección de Empresas ascende a 23, sendo o número de matriculados de novo ingreso de 17.

A nota media de acceso é de 6,77, sendo a porcentaxe de alumnado que accede á titulación con puntuación igual ou superior a 6 moi elevada (93,75%). A porcentaxe de alumnos estranxeiros matriculados no Máster foi do 12,50%, e a porcentaxe de estudantes recibidos a través de programas de mobilidade foi do 18,75%.

Ademais, é moi elevado a porcentaxe de egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas (83,33%), cifra moi similar a obtida en cursos anteriores.

b) Información e transparencia

Un dos obxectivos da dirección da Facultade de ADE é a homoxeneización da información proporcionada para todos os títulos impartidos nela, por iso este apartado analízase de forma conxunta.

A páxina web da Facultade presenta información completa, detallada e actualizada, dirixida tanto ao alumnado como a outros colectivos. Ademais, faise unha sesión de acollida ao alumnado de novo ingreso, así como diferentes sesións para informar sobre distintos aspectos relacionados co funcionamento das titulacións: presentacións do TFG e TFM, programas de mobilidade, prácticas en empresas, etc.

O único dato do que se dispón para valorar se se está a conseguir o obxectivo de información pública e transparencia é o da satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, que no caso do Grao en ADE foi de 3,15, non dispoñendo deste dato para as outras titulacións.

c) Recursos Humanos

En relación ao persoal académico do centro, cómpre salientar que os recursos humanos cos que conta a Facultade para o desenvolvemento dos títulos impartidos cumpren cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade ao estudiantado. A ratio de estudantes por profesor é de 7,69, lixeiramente superior a media da USC (6,41).

A porcentaxe de PDI funcionario en relación ao PDI total é do 59,68%, sendo unha parte importante profesores titulares de escola (37%), o que condiciona o número de profesores doutores (48,39% sobre PDI total) e a porcentaxe de PDI con sexenios de investigación sobre o PDI total (16,07%).

A paralización dos procesos de estabilización e promoción do profesorado, e concretamente as promocións de profesores contratados doutores a profesores titulares, xunto coas xubilacións do profesorado, entre as que se inclúe unha elevada porcentaxe de profesorado funcionario, vense reflectidas na constante redución da porcentaxe que representa o PDI funcionario respecto ao PDI total. Concretamente pasouse dun 83,33% no curso 2009/10 a un 59,68% no curso 2014/15, cun descenso de máis de 30 puntos porcentuais.

O persoal de apoio (PAS) co que conta o centro para o bo desenvolvemento da actividade administrativa da Facultade cumpre cos requisitos necesarios para levar a cabo as súas funcións.

d) Recursos materiais e servizos

A Facultade de ADE está ubicada nun edificio moderno, funcional e adaptado ás persoas con discapacidade. Dispón das infraestruturas e das tecnoloxías necesarias para o desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior. O acceso a internet, fixo ou por Wifi, está dispoñible en toda a Facultade, tal e como se pode observar no espazo web onde figuran todos os recursos materiais cos que conta o centro:

<http://www.usc.es/gl/centros/empresas/recursosmateriais.html>.

A maiores da información sobre infraestruturas, a web do centro inclúe tamén un apartado de servizos de interese para o alumnado <http://www.usc.es/gl/centros/empresas/servizos.html>. Asemade, a Facultade a través de Xescampus ten establecido un mecanismo de reserva de espazos accesible desde a secretaría virtual do profesorado.

e) Resultados da aprendizaxe e indicadores de satisfacción e rendemento

O grao de satisfacción xeral dos egresados co Grao en ADE medrou nos últimos cursos académicos, pasando de 3,05 ao 3,71, o que consideramos moi positivo (este dato non está dispoñible para o Máster). Un aspecto que nos permite coñecer se as competencias adquiridas polo alumnado graduado se corresponden coas que demanda o mercado laboral, son as obtidas no informe que analiza o nivel de satisfacción dos titores externos dos programas de prácticas externas. Os resultados amosan que os titores externos están bastante satisfeitos coa formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas (cunha valoración de 3,71 sobre 5 no Grao en ADE e de 4,14 no Máster en Dirección de Empresas). Ademais, o grao de satisfacción xeral dos egresados coa docencia recibida e bastante elevada (3,62 no Grao e 4,18 no Máster).

Ademais, a Facultade ofrece múltiples actividades, complementarias ás que oferta a USC, dirixidas a mellorar e incrementar as competencias do alumnado: conferencias, seminarios, actividades con asociacións de economistas e empresarios, etc.

As taxas de rendemento, éxito, avaliación, graduación, eficiencia e de abandono expóñense na táboa de indicadores do SGIC.

3. Plan de Melloras do Centro

A continuación preséntanse as accións implantadas na Facultade de ADE no curso 2014-2015, consecuencia das accións de melloras propostas nos informes de seguimento dos títulos impartidos no centro durante o curso 2013-2014.

Na seguinte táboa recóllense as melloras para o Grao en ADE.

ID	Descrición	Responsable de Implantación	Nivel de Cumprimento
AM-1	Incrementar as visitas aos centros de ensino medio respecto ao curso anterior e visitar centros de Formación Profesional	Decano/a da Facultade e Comisión Académica do Grao	Realizáronse varias visitas a centros de ensino medio e de Formación Profesional, se ben a limitación de recursos, tempo e as propias limitacións impostas polos centros impediou realizar un maior número de visitas.
AM-2	Mellora da enquisa de egresados realizada no curso 2012-2013 e intentar incrementar a participación dos egresados	Decano/a da Facultade e Comisión Académica do Grao	Modificouse a enquisa de egresados para incluír as competencias do título de cara a saber se esas competencias eran útiles no desenvolvemento profesional do alumnado. Tras varios envíos da enquisa conseguíuse que contestaran 25 egresados, de máis de 100 posibles, o que limita bastante as análises realizadas.
AM-3	Posta en marcha dunha experiencia piloto de acción tutorial para o alumnado de primeiro	Decano/a da Facultade e Comisión Académica do Grao	O PAT púxose en marcha. http://www.usc.es/gl/centros/empresas/acciontutorial.html
AM-4	Mellorar a información dispoñible na páxina web sobre os TFGs. Incluír unha base de datos dos TFGs presentados en cursos anteriores	Decano/a da Facultade e Comisión Académica do Grao	Reorganizouse a información sobre este tema na web do centro (http://www.usc.es/gl/centros/empresas/TFG.html). Pediuse permiso ao alumnado que tiña acadada mellor nota no TFG para colgalo na páxina web pero ao final non se fixo por impedimento de asesoría xurídica. Tamén neste curso se puxo en marcha a aula virtual do TFG. Elaborouse unha base de datos dos TFGs presentados en cursos anteriores de acceso aos profesores titores.
AM-5	Elaboración das táboas coas validacións entre Grao en Xestión de Pemes a Grao en ADE, Grao en ADE Universidade de Vigo e Universidade de A Coruña a Grao en ADE USC, Grao en Dereito USC a Grao en ADE, Grao	Decano/a da Facultade e Comisión Académica do Grao	As táboas están elaboradas

	en Relacións Laborais e Recursos Humanos USC a Grao en ADE, Grao en Ciencia Política e da Administración a Grao en ADE, Grao en Comunicación Audiovisual a Grao en ADE		
AM-6	Incluír na páxina web da facultade información sobre o PDI do centro	Decano/a da Facultade e Comisión Académica do Grao	Renovouse a páxina web incluíndo información sobre o PDI do centro (http://www.usc.es/gl/centros/empresas/perfis/pdi_departamento.html)
AM-7	Realizar algún curso de formación e innovación docente na Facultade	Decano/a da Facultade e Comisión Académica do Grao	Realizouse un curso de formación e innovación co PFID destinado, principalmente, ao profesorado de ADE (PFID.15tic-10: Estratexias didácticas para o uso do campus virtual como soporte á formación semipresencial). Estanse a preparar outros cursos para realizalos durante este curso académico.
AM-8	Adquisición de equipos de son para mellorar a audición da aula magna da facultade	Decano/a da Facultade e Comisión Académica do Grao	Adquiríronse e instaláronse os equipos de son na Aula Magna.

Na seguinte táboa se recollen as melloras para o Máster en Dirección de Empresas.

ID	Descrición	Responsable de Implantación	Nivel de Cumprimento
AM1	Continuar co proceso de canalizar as preinscricións de alumnos estranxeiros excedentes no campus de Santiago cara ao campus de Lugo.	Coordinación MDE Servizo de Relacións Exteriores	Continuouse co proceso de canalizar as preinscricións de alumnado estranxeiro excedente no campus de Santiago ao campus de Lugo. No curso académico 2014-2015 non houbo necesidade algunha de canalizar ningunha preinscrición.
AM2	Desenvolvemento de iniciativas orientadas a incrementar a involucración das empresas na planificación e seguimento das prácticas, co obxectivo de incrementar a adecuación entre as demandas das empresas e a oferta de contidos a recibir polos futuros titulados da universidade.	Coordinación MDE	Realizáronse contacto (teléfono, correo e presenciais) con empresas para analizar o nivel de adecuación da formación do alumnado do MDE aos seus requirimentos. Froito disto, nalgúns casos conseguiuuse axustar ao máximo o perfil de alumno co perfil do posto a ocupar na empresa. Prova disto é o crecente número de alumnos e alumnas que continuaron con novos contratos de prácticas nas mesmas empresas ao rematar as prácticas curriculares, así como o alumnado que acabaron sendo contratados de xeito estable polas mesmas. Ademais, detállase en maior profundidade o tipo de actividades que a empresa

			quere que desenvolva o alumnado no tempo de prácticas, quedando máis clara e establecida a relación alumnado-empresa-universidade.
AM3	Desenvolvemento de actividades complementarias prácticas (cursos, talleres...) orientados á adquisición de competencias transversais de interese para os futuros egresados.	Coordinación MDE	Leváronse a cabo no curso académico un total de 9 conferencias e 2 visitas a empresa. Ademais, deseñouse especificamente un taller sobre a xestión de relacións cos clientes para complementar a formación do alumnado. Apuntáronse ao curso a práctica totalidade do alumnado do MDE (15 persoas).
AM4	Promocionar o Máster entre os estudantes dos últimos cursos da Universidade.	Coordinación MDE	Levou a cabo unha xornada de promoción do MDE entre o alumnado do último curso do Grao en Administración e Dirección de Empresas da Facultade de ADE o día 29/04/15
AM5	Promocionar o Máster para aqueles estudantes (de intercambio ou non) que cursan exclusivamente un único semestre.	Coordinación MDE	Fíxose un esforzo de difusión do MDE entre alumnado estranxeiro que cursaron materias do máster en anos anteriores. Deste xeito, no curso 2014-2015 tivemos un número importante de solicitudes. O resultado final foi que 2 alumnos mexicanos seguiron materias do MDE no primeiro semestre, e 4 alumnos mexicanos fixérono no segundo semestre.
AM6	Realizar xornada de acollida dos estudantes e presentación da metodoloxía a seguir para a impartición do Máster.	Coordinación MDE	Realizáronse dúas xornadas de benvinda entre o alumnado. Unha o día no que deron comezo as materias de nivelación (09/09/14) e outra, a oficial, o día en que deron comezo as clases normais do MDE (16/09/14).
AM7	Utilización da figura do antigo estudante do Máster como titor dos novos estudantes, co obxectivo de orientar e servir de apoio a os novos estudantes ao longo de todo o curso académico.	Coordinación MDE	Creouse a figura de Alumno-Titor para atender a determinadas consultas/problemas do alumnado.
AM8	Para promover o incremento do número de TFM presentados ao final do curso, adiantar a asignación de temas e titores ao mes de novembro, de xeito que se consiga o inicio efectivo dos traballos fin de master, así como as prácticas en empresas dentro do segundo semestre, coa finalidade de poñer á disposición do alumno máis tempo a finais do segundo semestre e facilitar así o remate do TFM. Todo elo para facer diminuír o número de TFM non presentados.	Coordinación MDE Comisión académica MDE	Axustáronse os prazos ao máximo de xeito que o día 21/11/2014 todo o alumnado tiñan asignado titor/a para a realización dos seus TFM. Asemade, adiantouse o inicio das prácticas ao mes de febreiro (16/02/15) para conseguir que o alumnado tivera máis tempo para realizar en prazo e forma os TFMs. No curso académico 2014-2015 léronse un total de 9 TFMs (2 en febreiro, 8 en xullo, 3 en setembro).
AM9-AM10	Para incrementar o grado de formalización na	Coordinación MDE	Todas as materias elaboraron as súas guía docentes. Ademais,

	planificación das ensinanzas, procurárase promover para todas as materias a elaboración e publicación no campus virtual das guías docentes detalladas.	Comisión académica MDE	indicóuselle ao profesorado que debían colgar as súas guías docentes nas aulas virtuais correspondentes. Tamén se lles indicou desde o inicio do curso académico (26/09/14) que debían homoxeneizar os contidos relativos a cada unha das materias que figuran no campus virtual.
AM11	Continuar a procura e selección de empresas coas que establecer convenios de colaboración, pois constatouse, entre os alumnos, unha predilección crecente pola orientación profesional.	Coordinación MDE Comisión académica MDE	Durante o curso académico firmáronse 8 novos convenios de colaboración con empresas para dar resposta ás demandas do alumnado en relación á realización das súas prácticas externas.
AM12	Para mellorar os indicadores do criterio Recursos Humanos, promoverase a participación de PDI e de PAS en Programas de Formación e Innovación Docente organizadas pola Universidade.	Coordinación MDE Comisión académica MDE	Animouse tanto ao PDI como ao PAS a que participaran activamente no Programa de Formación e Innovación Docente da Universidade. A porcentaxe de PDI que asistiu a cursos de formación no curso 2014-2015 foi de 38,46% e a porcentaxe de PAS foi de 83,3%.

A continuación, preséntanse as accións de mellora propostas nos informes de seguimento do curso 2014-2015. En primeiro lugar preséntase unha táboa resume coas accións propostas para todas as titulacións. A continuación descríbense as accións de mellora para cada unha das titulacións impartidas no centro.

Descrición	Responsable Implantación	Nivel de Cumprimento	Data prevista Finalización	Titulación
Maior coordinación entre a Facultade de Económicas e Empresariais (Santiago) e a Facultade de ADE (Lugo), para a impartición do título de Grao en ADE	Comisión Académica do Grao/Comisión intercampus	Acción permanente	Indefinida	Grao en ADE
Revisar os programas de intercambio con outras universidades e de prácticas con outras empresas, así como a participación do alumnado nos mesmos	Comisión Académica do Grao	En proceso de execución	31/08/2016	Grao en ADE
Elaboración do protocolo de coordinación. Deseño de táboas para sistematizar a información para facilitar a análise de metodoloxías e sistemas de avaliación	Coordinador dos graos	En proceso de execución	24/07/2016	Grao en ADE e Xestión de Pemes
Fomentar a participación do profesorado e do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida e recibida de cara a que o dato obtido sexa o máis representativo posible.	Vicedecanato	En proceso de execución	31/08/2016	Todas as Titulacións
Analizar e deseñar o plan estratéxico do centro e o plan plurianual.	Decano/a Facultade	En proceso de execución	31/08/2016	Todas as titulacións
Análise do reparto das competencias transversais entre as	Comisión Académica do	En proceso de execución	24/07/2016	Grao en ADE

distintas materias	Grao/Comisión intercampus			
Poñer en marcha as aulas virtuais de coordinación de cada curso do grao en ADE	Coordinadores de curso e Comisión Académica dos Graos	En proceso de execución	24/07/2016	Grao en ADE e Xestión de Pemes
Adquirir novos equipos para mellora da comunicación e dos procesos de ensino-aprendizaxe	Comisión de Asuntos Económicos	Acción executada	31/08/2016	Todas as titulacións
Diminución do tamaño das clases teóricas e interactivas xa que consideramos pode ter incidencia nas taxas de éxito/rendemento	Decano/a Facultade	En proceso de execución	24/07/2016	Grao en ADE
Obter información dos estudantes de cada curso do Grao sobre a satisfacción coa implantación do grao	Comisión Académica do Grao	En proceso de execución	24/07/2016	Grao en Pemes
Axustar e actualizar aqueles aspectos da memoria do Máster que non se corresponden co funcionamento actual da titulación	Comisión Académica do Título	En proceso de execución	30/09/2016	Máster en Dirección de Empresas
Seguimento das accións de mellora orientadas a unificar a programación docente e as guías docentes de cada materia	Comisión Académica do Título	En proceso de execución	30/09/2016	Máster en Dirección de Empresas
Revisión do SGIC para adecualo ás características da Facultade	Responsable de Calidade	En proceso de execución	30/09/2016	Todas as titulacións
Realizar unha enquisa de satisfacción para o persoal de Administración e Servizos	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Responsable de Calidade e Coordinador/a do Máster	Acción excutada	30/09/2016	Máster en Dirección de Empresas
Incrementar o número de TFM presentados	Comisión Académica do Título	En proceso de execución	30/09/2016	Máster en Dirección de Empresas
Revisar a información da páxina web do Máster	Comisión Académica do Título	En proceso de execución	30/09/2016	Máster en Dirección de Empresas
Difundir entre o PDI do título e fomentar a súa participación no programa DOCENTIA, cando se implante pola USC	Comisión de Calidade	En proceso de execución	30/09/2016	Máster en Dirección de Empresas
